

## FICHA ARQUEOLÓXICA DOS CASTROS DA COMARCA DE DEZA (PONTEVEDRA)

<b>1. CLAVE DE IDENTIFICACIÓN: GA 36 024 006</b>					
Adscrición tipolóxica:		Castro		Adscrición Cultural:	Idade de Ferro
<b>2. LOCALIZACIÓN</b>					
Nome:		CASTRO DE GOLETA			
Topónimo:		O Castro; Coto do Castro.			
Provincia:		Pontevedra			
Concello:		Lalín			
Parroquia:		Camposancos (San Cristovo)			
Lugar:		A Goleta - Mato			
CARTOGRAFÍA					
Coordenadas (Datum ETRS89)					
UTM: Fuso 29		Coord. x:	569.563	Latitude:	42° 45' 20,058" N
		Coord. y:	4.734.022	Lonxitude:	8° 8' 59,721" O
Nº MAPA		Esc. 1/10.000:	122-21	Esc. 1/5.000:	0122A-0104 (malla anterior: 0122 4-1)
ACCESOS					
<p>Dende Lalín tómase a estrada que conduce a Vila de Cruces (PO-206). Uns 300 m. antes de chegar ó núcleo de Espiñeira, onde se atopa ó cruce coa EP-6007, existe unha estrada que conduce ós núcleos rurais de O Mato e Camposancos. Percorridos uns 70 m por ela aparece, a man esquerda, un edificio branco que parece ser un centro social, e por riba del un campo da festa. Ao seu carón hai un camiño de terra algo invadido pola vexetación. Este camiño bordea o castro polo sur.</p>					
<b>3. CARACTERÍSTICAS DO EMPRAZAMENTO</b>					
Altitude:		628 m.s.n.m.			
Emprazamento topográfico:		Nun pequeno outeiro na cabeceira de varios regos.			
Utilización do entorno:					
<p>Explotación agrícola dos terreos na maior parte do entorno, se ben na zona norte tamén hai franxas ocupadas por carballeiras e monte baixo de silva e fento.</p>					



Proxecto cofinanciado por  
FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"



Deputación  
Pontevedra



## FICHA ARQUEOLÓXICA DOS CASTROS DA COMARCA DE DEZA (PONTEVEDRA)

<b>4. ESTADO ACTUAL E PROTECCIÓN</b>						
<ul style="list-style-type: none"> <li>Vexetación</li> </ul>						
Densa matogueira de silva e fento e algún carballo de pequeno porte.						
<ul style="list-style-type: none"> <li>Descrición das alteracións:</li> </ul>						
Na zona sur fíxose unha explanación e recheo para acondicionar un campo de festa. Ó sur deste campo, constrúese unha edificación. Tamén hai un camiño de terra que comunica o campo da festa cunha casa emprazada cara o leste. Nas inmediacións desa casa, (situada cerca da entrada actual ó castro) foi practicada unha escavación que desfigurou as estruturas defensivas do recinto neste punto.						
<ul style="list-style-type: none"> <li>Grao de conservación</li> </ul>	Moi bo:	Bo: X	Regular:	Malo:	Moi malo:	Desaparecido:
<ul style="list-style-type: none"> <li>Causas de alteración:</li> </ul>						
Accións de particulares.						
<ul style="list-style-type: none"> <li>Protección Legal</li> </ul>	BIC:		Planeamento urbanístico:	X	Outros:	
<ul style="list-style-type: none"> <li>Protección física:</li> </ul>						
<ul style="list-style-type: none"> <li>Intervención arqueolóxica:</li> </ul>						
<ul style="list-style-type: none"> <li>Réxime de propiedade:</li> </ul>		Pública:		Privada:		
<b>5. MATERIAIS</b>						
<ul style="list-style-type: none"> <li>Descrición:</li> </ul>						
<ul style="list-style-type: none"> <li>Procedencia</li> </ul>	Achado casual:		Intervención arqueolóxica:		Outra:	
<ul style="list-style-type: none"> <li>Lugar actual do depósito:</li> </ul>						
- Museo ou colección pública:						
- Museo ou colección privada:						
- Particular, Nome(s) e dirección(s):						

## FICHA ARQUEOLÓXICA DOS CASTROS DA COMARCA DE DEZA (PONTEVEDRA)

### 7. DESCRICIÓN DO XACEMENTO:

O castro conformase a partir dun recinto de forma ovalada e un segundo recinto, polo leste, perceptible só en parte. A croa ten un eixo maior de orientación E-O que mide uns 95 m. no exterior e uns 55 m. no interior. No eixo N-S a estrutura mide 80 m. ó exterior e uns 50 m. no interior. O recinto está defendido por un parapeto que levanta entre 5 e 8 m. de altura. As súas características son difíciles de determinar no campo por mor da vexetación, pero segundo o plano topográfico e o Modelo Dixital do Terreo (extraído dos datos LIDAR), parece ter de media uns 5 m de ancho e chega a levantar uns 4 m.

A entrada a este recinto principal, faise no ESE, nunha zona na que se interrompe o terraplén.

Hai un segundo recinto na banda oriental, definidos os seus límites norte e sur por parapetos aparentemente de terra.

Segundo un debuxo de Cuevillas (1947) existiría tamén un foxo na zona noreste, mais na actualidade non se visualizan claramente estas estruturas posto que é unha área moi alterada por construcións recentes.

O mesmo Cuevillas situaba a entrada ó antecastro no SE, e a representaba defendida por parapetos a modo de bastións co reforzo doutro parapeto interior. Nesta zona, aínda que actualmente está moi modificada, pódese determinar a silueta dos bastións e o terraplén exterior.

A entrada a este recinto exterior actualmente ten que facerse pola súa banda oriental, a través dunha zona escavada probablemente en 1987, de acordo coa información recollida na ficha de inventario da Xunta (MEIJIDE e REY, 1989). A través desta entrada, chégase ben ao acceso do recinto principal.

A estrutura actual do xacemento non presenta cambios substanciais, con respecto á imaxe do voo Americano de 1956 – 1957.



*Orotografía do voo Americano de 1956 - 1957 (esquerda) e detalle do plano 1:5000 (dereita)*



Proxecto cofinanciado por  
FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"

UNIÓN EUROPEA



Deputación  
Pontevedra




depoDeza  
Dinamización Económica  
da Comarca



Rías  
Turismo Baixas

## FICHA ARQUEOLÓXICA DOS CASTROS DA COMARCA DE DEZA (PONTEVEDRA)

### 8. CROQUIS DO XACEMENTO:





Proxecto cofinanciado por  
FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"



Deputación  
Pontevedra



## FICHA ARQUEOLÓXICA DOS CASTROS DA COMARCA DE DEZA (PONTEVEDRA)

### 9. FOLKLORE

“Houbo unha loita desigual entre mouros e cristianos, na que estes saíron vencedores e botaron aos infieis”.

“Os mouros vivían debaixo da gran cúpula interior do castro, que ao se afundir deixou a oquidade que se observa dentro da croa. Para meterse ao interior utilizaban un pasadizo que viña desde abaixo e, para subir a croa utilizaban un calexón que había polo la dosur. Aínda se conserva un torreón dese calexón, na esquina do campo da festa, moia pegado ao castro”.

“O túnel ou pasadizo que viña desde abaixo levaba en dirección ao centro do castro e por el saían os mouros. O interior do castro derrumbouse e parte do túnel tamén, pero decíase que, pola parte de abaixo do Castro, seguía conservándose oculto. Por tal motivo, tense intentando localizar a casa situada abaixo de As Buratiñas pero sen resultados positivos. Incluso se chegou a pensar que a propia parede da casa oculta a entrada ao hipotético túnel”

“Abaixo do castro, polo lado leste, atópase unha casa antiga actualmente abandonada e dise que no sótano desa casa (cortes) había un burato que se metía nun túnel que viña dar ao interior do recinto castrexo. O castro era como unha grande cúpula que se afundi, taponando o acceso subterráneo”

“Por debaixo do castro hai unha viga de ouro pegada a outra de alquitrán que, ao se poñer en contacto co aire, explota”

“Cando fixeron a casa de Velai apareceu un camiño de pedra. Era o camiño dos mouros para iren á igrexa”.

“ A porta do castro viña a dar ao regato das Buratiñas”

(Recollido por A. Presas García no 2006. Presas García 2008: 134-135)

### 10. POTENCIAL DE REVALORACIÓN DO XACEMENTO

Excelente:

Axeitado:

Non axeitado: X

#### ▪ Estado de conservación actual:

Conserva o recinto principal e algunhas zonas do antecastro.

#### ▪ Vulnerabilidade ás visitas:

Nas área que se puido inspeccionar no parece que sexa vulnerables ás visitas.

#### ▪ Orixinalidade (deste castro respecto doutros):

O castro foi estudado por Cuevillas do cal fixo un debuxo. Tamén é salientable é a existencia dunha mámoa moi prominente nun pequeno esporón que se empraiza ó noroeste do castro.





Proxecto cofinanciado por  
FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"



Deputación  
Pontevedra



## FICHA ARQUEOLÓXICA DOS CASTROS DA COMARCA DE DEZA (PONTEVEDRA)

### ▪ Perceptibilidade das estruturas:

As estruturas defensivas do recinto principal aprécianse claramente, pero non así as do antecastro, especialmente na súa banda oriental. A súa visualización non é doada en grande medida pola vexetación.

### ▪ Accesibilidade e capacidade de recepción de público:

O castro atópase moi cerca da estrada xeral a Vila de Cruces. Hai dificultades de estacionamento de vehículos, sobre todo pesados. O acceso o xacemento pódese facer pola pista aberta para o campo da festa, pero desde aquí ata o castro hai dificultades pola vexetación. Existe outra entrada cara ao leste, na zona mais desmantelada, por un terreo privado. Non existen servizos no entorno.

### ▪ Potencial de ilustración (xacemento e contorna):

Existen estruturas defensivas claras. Sen embargo, o seu estado de conservación na zona oriental e as dificultades de acceso diminúen a potencialidade do xacemento.

### ▪ Necesidades mínimas para a revalorización:

A roza da vexetación non somentes sería necesaria para a súa revalorización, senón tamén para coñecer mellor as estruturas do xacemento e o seu estado de conservación que, como dixemos, están ocultas por unha densa vexetación. Habería que habilitar un acceso.

### ▪ Outros elementos de Patrimonio Cultural próximos:

Sen dúbida a mámoa emprazada a uns 100 m. ó noroeste é a mais salientable. Aproximadamente a 1 km. Atópase a coñecida necrópole megalítica de Oirós (Buxán, 1989:29).

Nas inmediacións a Igrexa parroquial de orixe románico que conserva nos laterais e a ábsida, aínda que a fachada é posterior.



Proxecto cofinanciado por  
FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"



Deputación  
Pontevedra



## FICHA ARQUEOLÓXICA DOS CASTROS DA COMARCA DE DEZA (PONTEVEDRA)

### 10. BIBLIOGRAFÍA E DOCUMENTACIÓN

ÁLVAREZ LIMESES G. (1936): *Geografía general del reino de Galicia. Provincia de Pontevedra*. Barcelona: A. Martín. Páx. 592.

BUXÁN, C. (1989) *Guía dos Castros de Lalín*. Lalín: O trillón. Asociación Cultural "O Naranxo". Páx. 27-29.

CARBALLO ARCEO, L.X. (1989): *A Cultura castrexa na bacía media do río Ulla*. Tesis Doctoral leída na Facultade de Xeografía e Historia, universidade de Santiago de compostela.

(2001) *A cultura castrexa na comarca do Deza*. Col. Deza Básicos nº 4. Lalín: Patronato cultural de Lalín, Seminario de Estudos do Deza, Concello de Lalín. Páxs. 78, 86, 191, 156, 261, 324, 353, 355.

EPYPSA: "Ficha de Inventario 1-7 do PGOU de Lalín.

FILGUEIRA VALVERDE J.; GARCÍA ALEN A. (1954-56) "Materiales para la Carta Arqueológica de la Provincia de Pontevedra". *El Museo de Pontevedra*, TVIII. Páx. 125.

GARCÍA PORRAL, X. C. 2010: *Lendas castrexas: Antropoloxía da tradición oral no concello de Lalín*. A Coruña: Lóstrego. Páx. 34-35.

MEIJIDE CAMESELLE, G. E REY SEARA. E. (1989) "Ficha de inventario de Xacementos Arqueolóxicos da Xunta de Galicia". Inédito. Depositada na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Xunta De Galicia.

PRESAS GARCÍA, A. (2008) *Os castros de Lalín*. Col. Deza Básicos. Lalín: Concello de Lalín.

Informante(s):	
Redactor(es):	Santiago Ferrer Sierra e Mar López Cordeiro
Lugar e data:	
Lalín, 19 de novembro de 2012	



Proxecto cofinanciado por  
FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"



Deputación  
Pontevedra



## FICHA ARQUEOLÓXICA DOS CASTROS DA COMARCA DE DEZA (PONTEVEDRA)

### GA36024006. CASTRO DE GOLETA (A Goleta, San Cristovo de Camposancos)



IMG\_6673. Vista xeral dende a estrada de Vila de Cruces.



IMG\_6675. Estado da vexetación no interior da croa.





Proxecto cofinanciado por  
FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"

UNIÓN EUROPEA



Deputación  
Pontevedra



## FICHA ARQUEOLÓXICA DOS CASTROS DA COMARCA DE DEZA (PONTEVEDRA)





IMG\_6676. Entrada ao recinto principal.



IMG\_6677. Vista do segundo recinto ou antecastro dende o sur.






MODELO DIGITAL DEL TERRENO



ORTOMAGEN



PERFIL A-A'

PERFIL B-B'

PLANTA

E/1:250